

O que non se di da crise

A crise que están a vivir algúns países mediterráneos -Grecia, Portugal e o Estado español- e Irlanda estase atribuíndo ao seu excesivo gasto público, que se supón creou un elevado déficit e unha exuberante débeda pública, escollos que dificultan seriamente a súa recuperación económica. De aí as receitas que o Fondo Monetario Internacional, o Banco Central Europeo (BCE) e o Consello Europeo estiveron impondo a aqueles países: hai que apertar o cinto e reducir o déficit e a débeda pública dun xeito radical.

É abraiante que esta explicación alcance a dimensión de dogma, que se reproduce a base de fe (o omnipresente dogma liberal) e non a partir dunha evidencia empírica. En realidade, esta amosa o profundamente errónea que é tal explicación da crise. Vexamos os datos.

Todos estes países teñen os gastos públicos (incluíndo o gasto público social) máis baixos da UE-15, o grupo de países máis ricos da Unión Europea, ao cal pertencen. Mírese como se mire (ben gasto público como porcentaxe do PIB; ben como gasto público per cápita; ben como porcentaxe da poboación adulta traballando no sector público), todos estes países están á cola da UE-15. O seu sector público está subdesenvolvido. Os seus estados do benestar, por exemplo, están entre os menos desenvolvidos na UE-15.

Unha causa desta pobreza do sector público é que, desde a Segunda Guerra Mundial, estes países estiveron gobernados a maioría do período por partidos profundamente conservadores, en estados con escasa sensibilidade social. Todos eles teñen uns sistemas de recadación de impostos escasamente progresivos, con carga fiscal menor que a media da UE-15 e cunha enorme fraude fiscal (que oscila entre un 20 e un 25% do seu PIB). Son estados que, ademais de teren escasa sensibilidade social, teñen escaso efecto redistributivo, polo que son os que teñen maiores desigualdades de renda na UE-15, desigualdades que se acentuaron a partir de políticas liberais levadas a cabo polos seus gobernos. Como consecuencia, a capacidade adquisitiva das clases populares reduciuse notabelmente, creando unha economía baseada no crédito que, ao colapsarse, provocou un enorme problema de escaseza de demanda, causa da recesión económica.

É este tipo de Estado o que explica que, a pesar de que a súa débeda pública non sexa descomunal (como erroneamente se presenta o caso de Grecia nos medios, cunha débeda semellante á media dos países da OCDE), xurdan dúbidas de que tales estados poidan chegar a pagar a súa débeda, consecuencia da súa limitada capacidade recadatoria. O seu déficit débese, non ao aumento excesivo do gasto público, senón á diminución dos ingresos ao Estado, resultado da diminución da actividade económica e a súa probada ineficacia en conseguir un aumento dos ingresos ao Estado, debido á resistencia dos poderes económicos e financeiros.

Por outra banda, a falta de crédito débese ao excesivo poder do capital financeiro e a súa influencia na Unión Europea e os seus estados membros. Foi a banca a que, cos seus comportamentos especulativos, foi creando burbullas que, ao estalare, xeraron os enormes problemas de falta de crédito. E agora están creando unha nova burbulla: a da débeda pública. A súa excesiva influencia sobre o Consello Europeo, a Comisión Europea e o Banco Central Europeo (este último simple instrumento da banca) explica as enormes axudas aos banqueiros e accionistas, que están xerando enormes beneficios. Conseguen abundante diñeiro do BCE a baixísimos xuros (1%), co que compran bonos públicos que lles dan unha rendibilidade de ata un 7% e un 10%, axudados polas súas axencias de cualificación (que teñen nula credibilidade, ao definir a varios bancos como entidades con elevada saúde financeira días antes de que colapsasen), que valoran negativamente os bonos públicos para conseguir maiores xuros. Engádate a iso os *hedge funds*, fondos de alto risco, que están especulando para que colapse o euro e que teñen a súa base en Europa, no centro financeiro de Londres, a City, chamada o "Wall Street Guantánamo", porque a súa falta de supervisión pública é mesmo menor (que xa é moito dicir) que a que se dá no centro financeiro de EEUU.

Como ben dixo Joseph Stiglitz, con todos os fondos gastados para axudar os banqueiros e accionistas poderíanse crear bancos públicos que xa resolverían os problemas de crédito que estamos experimentando.

En realidade, é necesario e urxente que se reduza o sobredimensionado sector financeiro no mundo, pois o seu excesivo desenvolvemento está danando a economía real. Mentres a banca está pedindo ás clases populares que "aperten o cinto", tales institucións nin sequera teñen cinto. Dous anos logo de causar a crise, aínda permanecen coa mesma falta de control e regulación que causou a Gran Recesión.

O maior problema hoxe na UE non é o elevado déficit ou débeda (como di a banca), senón o escaso crecemento económico e o aumento do desemprego. Iso esixe políticas de estímulo económico e crecemento de emprego en toda a UE (e moi especialmente nos países citados neste artigo). Non houbo unha crise das proporcións actuais no século XX sen que haxa un crecemento notábel do gasto público e da débeda pública, que se foi amortizando ao longo dos anos a base de crecemento económico. EEUU pagou a súa débeda, que lle permitiu saír da Gran Depresión, en 30 anos de crecemento. O maior obstáculo para que iso ocorra na UE é o dominio do pensamento liberal no establishment político e mediático europeo, impondo políticas que serán ineficientes, ademais de innecesarias. E todo para asegurar os beneficios da banca. Así de claro.

Artigo de Vicenç Navarro (Catedrático de Ciencias Políticas e Sociais na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona) publicado no Avantar (Xornal dixital da CIG).

Sección Sindical CIG Telefónica

